



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Lingua Galega e Sociedade	Código	613G02025	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Profesorado	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística	A1	B7	C6
	A9		
	A25		
	A27		



Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11 A14	B1 B6 B9	C7
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14	B7	C8
Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.	A15 A19 A23 A27	B8	C4
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.	A2 A23	B3	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á sociolingüística	1.1. Lingua e sociedade 1.2. A sociolingüística e a socioloxía da lingua 1.3. A sociolingüística sobre o galego
2. A diversidade lingüística	2.1. As linguas no mundo 2.2. As comunidades lingüísticas 2.3. O contacto de linguas 2.4. As variedades lingüísticas
3. O contacto de linguas na Galiza	3.1. A introdución do castelán na Galiza 3.2. A xénese do conflito lingüístico e a súa evolución histórica 3.3. O proceso de erosión interna da lingua galega
4. As categorías sociolingüísticas básicas e a súa aplicación ao galego	4.1. Monolingüismo e plurilingüismo 4.2. Bilingüismo e diglosia 4.3. A asimilación lingüística
5. A situación actual da lingua galega	5.1. O galego, lingua ameazada 5.2. Distribución sociodemográfica e sectorial da lingua galega 5.3. Lingua e identidade
6. Os discursos sobre a lingua na Galiza	6.1. Actitudes e ideoloxías lingüísticas presentes na sociedade galega 6.2. Os preconceptos lingüísticos no mundo 6.3. Os preconceptos a respecto do galego
7. Perspectivas de futuro para a lingua galega	7.1. Imperialismo lingüístico ou ecolingüismo 7.2. A normalización lingüística 7.3. Reintegracionismo, sesqüilingüismo e outras alternativas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B6 B7 B9 C4 C6	16	32	48
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	1	10	11
Presentación oral	A1 A9 A11 A14 A15 A25 B1 B3 B6 B7 B8	1	5	6



Lecturas	A2 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C8	1.5	22.5	24
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7	2	8	10
Sesión maxistral	A1 A11 A14 A15 A19 A23 A25 B1 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	20	30	50
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes etc.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Lecturas Sesión maxistral Obradoiro Traballos tutelados Proba mixta	Alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A1 A9 A11 A14 A15 A25 B1 B3 B6 B7 B8	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10
Lecturas	A2 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C8	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor. Serán avaliadas tanto nas actividades do Obradoiro como na proba mixta.	10



Obradoiro	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B6 B7 B9 C4 C6	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	10
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7 B8 B9 C4 C6 C7 C8	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	20
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A19 A23 A25 A27 B1 B3 B6 B7	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, as lecturas, a clareza e rigor expostivo e a calidade lingüística das respostas.	50

Observacións avaliación

1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 4 valores sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.
2. O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Igualmente, todo o tipo de actividade ou proba deberá cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.). Se houber deficiencias lingüístico-expresivas, estas serán penalizadas na cualificación.
3. O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante estudiantado. Se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obteren a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.
4. Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na ocasión anterior, só que o "Traballo tutelado" pasará a ser puntuado con 3 valores, absorvendo así o "Obradoiro". Antes da data oficial do exame ten de ser entregue o "Traballo tutelado". No caso da "Presentación oral", marcarase un día para a súa realización. De haber convocatoria adiantada de decembro, serán aplicados idénticos principios de avaliación que na oportunidade de xullo.
5. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando se der algún dos seguintes supostos: a) o alumno ou a alumna non realizou a "Proba mixta"; b) a alumna ou o alumno non entregou nin realizou ningunha das actividades previstas ("Traballo tutelado", "Presentación oral"); c) o alumno ou a alumna non fixo nin a "Proba mixta" nin realizou ningunha das actividades programadas ("Traballo tutelado" e "Presentación oral").

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Freitas Juvino, M. P. (2008). A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza. Vigo. Xerais - Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela, Laiovento - García Negro, M. P. (2000). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra. Edicións do Cumio - García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento - García Negro, M. P. (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Santiago de Compostela, Laiovento - González González, M. (dir.) (2003). O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas. A Coruña. Real Academia Galega - González González, M. (dir.) (2007). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega - González González, M. (dir.) (2008). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 2: Usos lingüísticos en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega - Moreno Cabrera, J. C. (2015). Los dominios del español. Guía del imperialismo lingüístico panhispánico. Madrid: Síntesis - Ninyoles, R. L. (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela. Laiovento - Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo. Galaxia - Phillipson, R. (1992). Linguistic Imperialism. Oxford. Oxford University Press - Rei-Doval, G. (2007). A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística. Vigo. Xerais - Rodríguez Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Radiografía de unha regeneración inconclusa. Santiago de Compostela. Laiovento - Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela. Laiovento <p>O profesor fornecerá nas aulas unha bibliografía básica e complementar máis ampla e por temas.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Calvet, J. L. (2004). Por unha ecoloxía das linguas no mundo. Santiago de Compostela: Laiovento - Costas, X. H. (2002). Guía das linguas de Europa. Santiago de Compostela: Positivas - Crystal, D. (2003). A morte das linguas. Vigo: Galaxia - Edwards, J. (1994). Multilingualism. London: Penguin Books - Iglesias Álvarez, A. (2003). Falar galego: &quot;No veo por qué&quot;. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Xerais - Moreno Cabrera, J. C. (2000). La dignidad y la igualdad de las lenguas. Madrid: Alianza - Moure, T. (2005). Outro idioma é posible. Vigo: Galaxia - Moure, T. (2011). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: UDC - Nettle, D. / Romaine, S. (2000). Vanishing voices. The extinction of the world's languages. Oxford: University Press - Rodríguez, F. (2016). Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza. Ames: Laiovento - Tuson, J. (1990). Mal de linguas. Arredor dos prexuízos lingüísticos. Vigo: Xerais

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías